

## **BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA E CONCESIÓN DE AXUDAS PARA SITUACIÓN DE EMERXENCIA SOCIAL, NO MARCO DO PROGRAMA “EMERX-ENDO”.**

### **MARCO LEXISLATIVO:**

O Estatuto de Autonomía de Galicia no artigo 4.2: “corresponde ós poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e os grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social”.

A lei de bases de réxime local, no seu artigo 25.2. k) establece que: “o Municipio exercerá en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das CC.AA. entre outras, en materia de servizos sociais e de promoción e reinserción social”.

A lei 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia define no artigo 3º entre os seus obxectivos o de darlles protección e oportunidades sociais e educativas a menores de idade e aqueloutras persoas que se atopen en situación de conflito ou desamparo, así como previr situacións de exclusión, e garantir o apoio ás familias. No seu artigo 4º perfila os principios xerais dos servizos sociais entre os que está o de prevención, integración e normalización. No 9º configura os ss.ss. comunitarios como servizos integradores que desenvolven accións de carácter preventivo.

### **ART. 1º DEFINICIÓN DO OBXECTO**

O obxecto xeral é posibilitar ás familias e /ou persoas que o necesiten o acceso a recursos e servizos básicos que permitan uns mínimos de calidade de vida, relacionados coas necesidades de alimentación, vestido, vivenda, participación social, apoio educativo (actividades extraescolares), coa atención de situacións de urxencia que precisen de intervención inmediata, e/ou co suministro de servizos que garantan condicións axeitadas de habitabilidade (abastecemento de auga, luz, saneamento, telefonía).

As axudas cubrirán necesidades xeradas por circunstancias temporais e/ou emerxencias formando parte, xunto coas becas de apoio á escolarización dos menores, dun conxunto de intervencións de asistencia e atención a situacións carenciais. Así pois as axudas serán económicas ou en especie, e de pago único.

## **ART. 2º PERSOAS BENEFICIARIAS.**

Serán beneficiarios/as as persoas ou unidades familiares residentes no Concello de Valdoviño cun mínimo de antigüidade de inscrición no padrón dun ano. Considérase unidade familiar a constituída por persoas unidas por vínculo conxugal ou análoga relación, así como por parentesco por consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grao. Poderán considerarse percetores da axuda os provedores de servizos. Só poderá corresponder unha axuda por unidade familiar, e por un soia das tipoloxías a que se refire o artigo 4 destas bases.

## **ART 3º REQUISITOS**

- Ser maior de idade ou menor emancipado.
- Estar empadroadado en Valdoviño cunha antigüidade mínima dun ano, agás no caso de emigrantes retornados que non se esixe esta antigüidade.
- Non ter recibido axudas polo mesmo concepto, que sumadas a esta superen o custo do ben ou servizo que se solicita cubrir.
- Non dispoñer de bens mobles ou inmobles que polo seu valor, posibilidade de explotación ou venda, sexan dabondo para atender a necesidade que se solicita cubrir.
- Que os ingresos previstos anualmente non sexan suficientes para afrontar os gastos derivados da situación. A estes efectos e de forma xeral, considéranse insuficientes os que sexan igual o inferiores ó IPREM vixente, incrementados nun 10% por cada membro da unidade familiar, a partir do segundo. Non obstante será estudado polos servizos sociais cada caso individualmente e informado perante o órgano que resolve, podendo incrementar un 20% do IPREM no canto do 10%, no caso de que se trate dun membro da familia menor, a cargo do solicitante, se técnicamente se xustifica a necesidade.

<b>Nº persoas</b>	<b>Límite anual</b>
1	7455,14
2	8200,65
3	8946,17
4	9691,68

5	10437,2
6	11182,71

Terán a consideración de ingresos os procedentes de pensións, emprego , traballos realizados en economía sumerxida, alugueres, rendas de capital de calquera natureza, depósitos dinerarios (computarase o 75 %); estudarase a inclusión do valor de bens de carácter inmobiliario, segundo as posibilidades de alugamento, venda ou explotación dos mesmos.

Descontaranse deste cómputo de ingresos, o importe dos alugueres, así como as hipotecas da vivenda habitual (ata un máximo de 350 €/mes).

- Manter a escolarización dos menores que formen parte da unidade familiar.
- Acreditar a situación de necesidade.
- As persoas en idade laboral, que non se atopen estudando, e/ou atendendo a persoas dependentes (maiores ou menores dependentes) deberán estar anotados como demandantes de emprego.
- Destinar a axuda para o fin para o que foi concedida.
- Proporcionar á traballadora social canta información e documentación lle sexa solicitada.
- Comunicar ó servizos sociais as variacións sobrevidas que poidan dar lugar á modificación ou extinción da axuda.
- Que a criterio da traballadora social, non existan persoas que teñan obriga legal e posibilidade de prestar alimentos e cubrir a necesidade para a que se solicita axuda.

#### **ART 4º TIPOLOXÍA E CONTÍA DAS AXUDAS**

- a) Necesidades básicas: alimentación, vestido e calzado, hixiene persoal, medicamentos non cubertos pola seguridade social, material oftalmolóxico e buco-dental etc. Ata unha contía máxima de 250 €, podendo incrementarse en 100 € máis no caso de existir menores a cargo, con menor ou maior incremento segundo o nº de menores.
- b) Actividades extraescolares, tratamentos ou terapias, nos casos en que a traballadora social estime que éstas son necesarias para a integración social e/ou escolar dos

menores, minusválidos ou toxicómanos/as; ou ben como forma de prevención de problemas sociais. Ata un máximo de 100 €.

- c) Transporte para acudir a educación especial, tratamentos ou terapias, necesarias para unha correcta integración socio-educativa, no caso de persoas que presenten algunha minusvalía ou toxicomanía. Ata un máximo de 100 €.
- d) Débedas contraídas polos conceptos de aluguer ou hipoteca (neste caso de vivendas con valoración catastral inferior a 50.000€ en zona urbana, ou 25.000 en zona rural ). Ata un máximo de dous meses de débeda (dependerá do límite presupostario).
- e) Aloxamento alternativo temporal: o solicitante deberá aportar o 75% dos seus gastos que lle ocasione dito aloxamento, e o Concello cubrirá o resto, por un tempo máximo de 2 meses.
- f) Reparacións, dotación de mobles ou electrodomésticos, ou eliminación de barreiras arquitectónicas necesarias para garantir unha habitabilidade mínima da vivenda habitual. Ata un máximo de 400 €. No caso de tratarse de reparación será necesario acreditar a propiedade da vivenda.
- g) Suministro de luz, auga ou saneamento da vivenda. Ata un máximo de 150 €
- h) Calquera outra para atención de necesidades urxentes que non poidan ser incluídas nos epígrafes anteriores, atendendo a máximos estipulados.

**En todo caso, o límite de concesión de axudas é a dotación presupostaria da aplicación orzamentaria 231.480.00, polo importe de 3651,76 euros.** No caso de ser insuficiente, se resolverán as solicitudes atendendo ós seguintes criterios, e segundo informe técnico:

- 1.- Menor renda per-cápita.
- 2.- Urxencia da situación ou necesidade a cubrir: teñen prioridade os conceptos de alimentación, vestido, aluguer, luz, auga, dotación básica da vivenda.
- 3.- nº de menores que se ven afectados pola necesidade a cubrir.

Así pois non bastará con cumprir os requisitos para obter axuda, senón que será necesario atender a un **orde de prioridade, dentro dos límites presupostarios dispoñibles.**

## ART 5º SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

A solicitude presentarase mediante instancia no rexistro municipal do Concello, en formulario xunto como Anexo I.

A documentación que deberá acompañar a solicitude será.

- Compromiso de destinar a axuda á finalidade para a que foi concedida, segundo modelo.
- Declaración de axudas recibidas polo mesmo concepto, segundo modelo.
- Certificado de minusvalía ou dependencia das persoas da unidade familiar que o teñan.
- Fotocopia do DNI de todos os maiores de 16 anos da unidade familiar.
- Libro de familia.
- Volante de empadramento cun ano de antigüidade dende a data de remate do prazo de solicitude.
- Certificado médico que xustifique a necesidade de carácter sanitario, toxicomanía, etc, así como presuposto ou recoñecemento de débeda.
- Certificación de inscrición como demandante de emprego, ou tarxeta en vigor.
- Certificacións, presuposto ou documento de recoñecemento de débeda do servizo, actividade ou ben para o que se solicita a axuda (non será necesario no caso de alimentación, roupa e calzado; nestes casos poderá presentarse o xustificante con posterioridade).
- Xustificantes de ingresos:
  - o Certificacións de IRPF dos maiores de idade, ou ben copia da declaración do 2011.
  - o Pensión ano 2012 e 2013 dos pensionistas.
  - o Nóminas do 2012 dos que se atopen traballando, e do primeiro trimestre de 2013 e copia do contrato.
  - o Certificado de prestacións do INEM do ano 2012 e 2013 (positivo ou negativo) dos que non se atopen traballando.
  - o Certificación do INSS de pensións percibidas no 2012 e 2013 (positivo ou negativo) dos que non se atopen traballando nin cobrando prestación por desemprego.
  - o Vida laboral dos maiores de 16 anos. (Pódese pedir no tfno 901-50 20 50).

- o Certificado das propiedades dos maiores de idade, no que conste a valoración catastral dos mesmos (pódese pedir nos Concellos onde se sitúen as propiedades), ou presentar recibos de contribución do ano 2012.
  - o Calquera outro necesario para acreditar a situación económica da unidade familiar.
- Certificación do número de conta onde desexa que lle sexa ingresada a axuda, a nome da persoa solicitante. No caso de que se estime oportuno se abonará a axuda directamente ó proveedor/a, de deberá aportarse número de conta bancaria do mesmo, cando así o solicite a traballadora social.
- xustificante de escolarización dos menores de 16 anos.

#### **ART 6º PRAZO**

Dende o día 23 de marzo de 2013 ata o 23 de abril de 2013.

En aras á atención dos prazos de xustificación da subvención, é necesario dar premura á publicación e axilizar a tramitación destas axudas, polo que se dará publicidade das mesmas no taboleiro de anuncios do Concello, na prensa, na páxina web do Concello e ós usuarios/as do CPI de Atios, onde estudan a meirande parte dos nenos e nenas de Valdoviño.

#### **ART 7º PROCEDEMENTO**

A Solicitud presentárase en impreso proporcionado polo Concello , no rexistro municipal dirixido ao Sr. Alcalde.

Daráselle traslado ós servizos sociais das solicitudes presentadas, quen as estudará e formulará informe técnico e proposta de resolución. Os servizos sociais poderán solicitar documentación ás persoas interesadas se o consideran preciso para a valoración da solicitude.

A proposta será aprobada por decreto de alcaldía, que dará traslado do mesmo ó órgano competente, ou en Xunta de Goberno Local.

O expediente será remitido á intervención municipal que procederá á fiscalización e abono das axudas.

#### **ART 8º FORMA DE PAGAMENTO**

As axudas poderán aboarse mediante transferencia bancaria, ser concedidas en especie o mediante vale de compra, ou poderán ser aboadas directamente ó proveedor de servizos, segundo se estime na proposta de resolución emitida pola traballadora social.

#### **ART 9º XUSTIFICACIÓN DO GASTO**

Se xustificará o gasto mediante factura, ou outros documentos xustificativos que se correspondan coas actividades realizadas entre o 1 de xaneiro de 2012 e 19 de abril de 2013. No caso de que a factura sexa aboada mediante transferencia bancaria, a xustificación do gasto debe acreditarse mediante entrega dos movementos bancarios, ordes de transferencia conformadas polo banco e/ou medios análogos.

Procederá o reintegro do exceso, no caso de que a contía xustificada sexa inferior á solicitada, ou cando a axuda aprobada, xunto con outras axudas percibidas, exceda do gasto real.

#### **ART 10º REVOGACIÓN DA AXUDA E REINTEGRO**

Serán causa de extinción ou revogación da axuda, o falseamento ou ocultación de datos, a baixa no padrón municipal, o incumprimento das condicións establecidas nestas bases, ou o falecemento do beneficiario/a.

Valdoviño, a 22 de marzo de 2013.

## ANEXO: SOLICITUDE

D/Dna. \_\_\_\_\_, veciño/a do Concello de Valdoviño,  
DNI \_\_\_\_\_, con enderezo a efectos de notificacións en  
\_\_\_\_\_ e Tfno \_\_\_\_\_

### EXPÓN:

Que enterado/a da convocatoria de axudas para situacións de emerxencia social no marco do programa EMERX-ENDO e de que se abre o prazo para solicitar axuda económica destinada a sufragar, total ou parcialmente, gastos derivados da atención a necesidades básicas, vivenda, actividades extraescolares, terapias ou tratamentos sanitarios, transporte para educación especial, débedas de aluguer ou hipoteca, aloxamento temporal, luz, auga, saneamento da vienda, habitabilidade da vivenda, etc , das familias en situación de precariedade económica, e crendo reunir os requisitos necesarios para poder acceder a tales axudas, fai a declaración que figura no reverso da presente solicitude e acompaña á presente os seguintes documentos:

- Compromiso de destinar a axuda á finalidade para a que foi concedida, segundo modelo.
- Declaración de axudas recibidas polo mesmo concepto, segundo modelo.
- Certificado de minusvalía ou dependencia das persoas da unidade familiar que o teñan.
- Fotocopia do DNI de todos os maiores de 16 anos da unidade familiar.
- Libro de familia.
- Volante de empadronamento cun ano de antigüidade dende a data de remate do prazo de solicitude.
- Certificado médico que xustifique a necesidade de carácter sanitario, toxicomanía, etc, así como presuposto ou recoñecemento de débeda.
- Certificación de inscrición como demandante de emprego, ou tarxeta en vigor.
- Certificacións, presuposto ou documento de recoñecemento de débeda do servizo, actividade ou ben para o que se solicita a axuda (non será necesario no caso de alimentación, roupa e calzado).

□ Xustificantes de ingresos:

- o Certificacións de IRPF dos maiores de idade, ou ben copia da declaración do 2011.
- o Pensión ano 2012 e 2013 dos pensionistas.
- o Nóminas do 2012 e primeiro trimestre do 2013 dos que se atopen traballando, e copia do contrato.
- o Certificado de prestacións do INEM (positivo ou negativo) dos que non se atopen traballando.
- o Certificación do INSS de pensións (positivo ou negativo) de 2012 e 2013 dos que non se atopen traballando nin cobrando prestación por desemprego.
- o Vida laboral dos maiores de 16 anos. (Pódese pedir no tfno 901-50 20 50).
- o Certificado das propiedades dos maiores de idade, no que conste a valoración catastral dos mesmos (pódese pedir nos Concellos onde se situen as propiedades), ou presentar recibos de contribución do ano 2012.
- o Calquera outro necesario para acreditar a situación económica da unidade familiar.
- o Certificación do número de conta onde desexa que lle sea ingresada a axuda, a nome da persoa solicitante.
- o xustificante de escolarización dos menores de 16 anos.

**A falta de documentación ou falsidade na súa presentación, será motivo de desestimación ou denegación da solicitude.**

**SOLICITA:**

Que a persoa / familia que representa sexa considerada beneficiaria de tales axudas

O abaixo asinante, do que os datos persoais figuran a continuación, **DECLARA BAIXO XURAMENTO** ser certas as circunstancias persoais que se indican a continuación:

1º Que os membros da unidade de convivencia da que forma parte son os seguintes:

NOME E APELIDOS	IDADE	PARENTESCO CO SOLICITANTE	SITUACIÓN LABORAL OU OCUPACIONAL

2º Que SI NON (táchese o que non proceda) solicitou axudas doutras entidades ou organismos para a mesma finalidade (de contestar afirmativamente indicar a contía da axuda):

denegada „                      aprobada „                      CONTÍA \_\_\_\_\_

3º Que tódolos datos dos que se deixa constancia, así como a documentación que acompaña á solicitude se axustan plenamente á realidade e que non se omite información nin documentación relativa ós datos que se solicitan.

4º Que o número de conta bancaria na que desexo que me ingresen a axuda no caso de concesión é o seguinte: \_\_\_\_\_ (20 díxitos), no banco ou caixa

\_\_\_\_\_

5º Que se compromete a destinar a axuda á finalidade para a que foi concedida.

E para que así conste, asina a presente declaración en

Valdoviño, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2013.

O/A interesado/a

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.**